

1. Identificación da programación

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|----------|------------|---------------|
| 36007552 | A Granxa | Ponteareas | 2020/2021 |

Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|-------------------------------|-----------------------------|---------------------------|-------------------------------|------------------------------------|-----------------------|
| SEA | Seguridade e medio ambiente | CSSEA01 | Educación e control ambiental | Ciclos formativos de grao superior | Réxime de proba libre |

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|---|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0795 | Formación e orientación laboral | 2020/2021 | 0 | 107 | 0 |
| MP0795_22 | Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego | 2020/2021 | 0 | 62 | 0 |
| MP0795_12 | Prevención de riscos laborais | 2020/2021 | 0 | 45 | 0 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

| | |
|--------------------------------|---|
| Profesorado asignado ao módulo | BEGOÑA LAGE FERNÁNDEZ, LUCÍA QUELLE RIVEIRA |
| Outro profesorado | |

Estado: Supervisada

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultados de aprendizaxe do currículo |
|--|
| (MP0795_22) RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización. |
| (MP0795_12) RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral. |
| (MP0795_12) RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector de seguridade e ambiente. |
| (MP0795_22) RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo. |
| (MP0795_22) RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións. |
| (MP0795_12) RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados. |
| (MP0795_12) RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en educación e control ambiental. |
| (MP0795_22) RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida. |

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

| Criterios de avaliación do currículo |
|--|
| (MP0795_12) CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora. |
| (MP0795_22) CA1.1 Identificáronse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en educación e control ambiental e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual. |
| (MP0795_12) CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras. |
| (MP0795_22) CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces. |
| (MP0795_12) CA1.3 Apareciuse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais. |
| (MP0795_22) CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo. |
| (MP0795_22) CA1.4 Empleáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas. |
| (MP0795_12) CA1.4 Comprenderonse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente. |
| (MP0795_12) CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores. |
| (MP0795_22) CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo. |
| (MP0795_12) CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector de seguridade e ambiente. |
| (MP0795_22) CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo. |
| (MP0795_12) CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais. |
| (MP0795_22) CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros. |
| (MP0795_22) CA2.1 Identificáronse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo. |

Criterios de avaliación do currículo

(MP0795_12) CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en educación e control ambiental.

(MP0795_12) CA2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.

(MP0795_22) CA2.2 Distinguíronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.

(MP0795_22) CA2.3 Identificáronse os elementos esenciais dun contrato de traballo.

(MP0795_12) CA2.3 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en educación e control ambiental.

(MP0795_22) CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identificáronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.

(MP0795_12) CA2.4 Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en educación e control ambiental.

(MP0795_22) CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.

(MP0795_12) CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade.

(MP0795_22) CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en educación e control ambiental.

(MP0795_22) CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

(MP0795_22) CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.

(MP0795_22) CA2.9 Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.

(MP0795_22) CA2.10 Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.

(MP0795_22) CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.

(MP0795_22) CA2.12 Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

(MP0795_12) CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.

(MP0795_22) CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.

(MP0795_12) CA3.2 Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.

(MP0795_22) CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social.

(MP0795_22) CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.

(MP0795_12) CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.

(MP0795_12) CA3.4 Identificáronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.

(MP0795_22) CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.

(MP0795_12) CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.

(MP0795_22) CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

(MP0795_12) CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.

| Criterios de avaliación do currículo |
|--|
| (MP0795_12) CA3.7 Defínese o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en educación e control ambiental. |
| (MP0795_12) CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título. |
| (MP0795_22) CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais. |
| (MP0795_12) CA4.1 Defíníronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse. |
| (MP0795_12) CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos. |
| (MP0795_22) CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo. |
| (MP0795_22) CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea. |
| (MP0795_12) CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas. |
| (MP0795_22) CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo. |
| (MP0795_12) CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia. |
| (MP0795_22) CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en educación e control ambiental. |
| (MP0795_12) CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade. |
| (MP0795_12) CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias. |
| (MP0795_22) CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral. |
| (MP0795_22) CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en educación e control ambiental. |
| (MP0795_22) CA4.8 Emplegáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego. |
| (MP0795_22) CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título. |

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultados de aprendizaxe do currículo |
|--|
| (MP0795_12) RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral. |
| (MP0795_22) RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo. |
| (MP0795_12) RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector de seguridade e ambiente. |
| (MP0795_22) RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións. |
| (MP0795_12) RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados. |
| (MP0795_22) RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida. |
| (MP0795_12) RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en educación e control ambiental. |

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

| Criterios de avaliación do currículo |
|--|
| (MP0795_12) CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores. |
| (MP0795_12) CA2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles. |
| (MP0795_12) CA2.3 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en educación e control ambiental. |
| (MP0795_12) CA2.4 Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en educación e control ambiental. |
| (MP0795_12) CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade. |
| (MP0795_22) CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran. |
| (MP0795_22) CA2.9 Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral. |
| (MP0795_12) CA3.2 Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais. |
| (MP0795_22) CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa. |
| (MP0795_12) CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos. |
| (MP0795_22) CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos. |
| (MP0795_22) CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico. |
| (MP0795_12) CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título. |
| (MP0795_12) CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse. |
| (MP0795_12) CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos. |
| (MP0795_12) CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas. |
| (MP0795_12) CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia. |
| (MP0795_12) CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade. |
| (MP0795_22) CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en educación e control ambiental. |
| (MP0795_12) CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias. |
| (MP0795_22) CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego. |

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

| |
|--|
| |
|--|

As probas escritas e prácticas versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos nesta programación para cada parte, tendo como referencia os mínimos establecidos na programación presentada para o módulo profesional no presente curso académico.

Criterios de cualificación:

A cualificación final da avaliación determinarase tendo en conta os seguintes criterios de cualificación:

- Superar cunha nota mínima de 5 puntos sobre 10 a 1ª parte da proba: probas obxectivas. De non superala, e en base aos criterios establecidos, non se poderá optar á presentación á segunda parte da proba.
- Superar cunha nota mínima de 5 puntos sobre 10 a 2ª parte da proba: resolución de probas prácticas.
- A nota final resultante será a obtida pola seguinte fórmula= 50% da 1ª proba + 50% da 2ª proba.
- De non superar a proba B, a nota máxima será un 4.
- Unha vez acadada a nota mínima de aprobado, o redondeo será á alza a partires do 0,5.

Así mesmo, deberase ter en conta que calquera actuación das persoas aspirantes de tipo fraudulento durante a realización das probas suporá a súa exclusión e a cualificación cun 0 nesa proba do módulo.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Esta proba constará dunha serie de preguntas que poderán ser: tipo test, preguntas cortas ou preguntas a desenvolver.

No caso de usar preguntas tipo test as respostas incorrectas terán penalización. Dita penalización será informada no momento da proba.

Ten carácter eliminatorio. O/A aspirante debe superar esta proba cunha nota mínima de 5 puntos sobre 10. De non superala non se poderá optar á presentación da segunda parte da proba.

É preciso traer: bolígrafo azul. Non se admitirá o intercambio de ningún tipo de material entre o alumnado.

Prohíbese o uso de dispositivos móbiles.

4.b) Segunda parte da proba

Esta proba constará dunha serie de supostos prácticos que o alumnado deberá resolver mediante realización do exercicio proposto ou ben respostando preguntas que poderán ser: tipo test, preguntas cortas, preguntas a desenvolver ou preguntas con cálculos matemáticos.

É preciso traer: calculadora para cálculos simples (+, -, x, /, exponencial) non programable e bolígrafo azul. Non se admitirá o uso de equipos electrónicos de comunicación, nin para uso como calculadora. Non se admitirá o intercambio de ningún tipo de material entre o alumnado.

O/A aspirante debe superar esta proba cunha nota mínima de 5 puntos sobre 10.